

# ORQUESTRA EXPLORATORIA :: laboratorio de creación sonora colectiva

by Nacho Muñoz (Vigo 1969)

// compositor // produtor // pianista // músico electrónico // performer

:: co-fundador da comunidade de arte e acción libre Alg-a  
:: colaborador na iniciativa escoitar.org  
:: creador do espazo pedagóxico Orquesta Exploratoria  
:: coordinador do proxecto de investigación sobre de arte e medio rural Verbenas Periféricas

:: web Orquesta Exploratoria  
<http://orquestaexploratoria.weebly.com>

:: web Nacho Muñoz  
<http://madammecell.com>

[mdmme@alg-a.org](mailto:mdmme@alg-a.org)  
@madammecell

## [ CONCEPTO ]

A Orquesta Exploratoria é un espazo sonoro concibido co fin de que xs alumnxs músicos poidan experimentar no universo da creación sonora colectiva desde unha estética contemporánea, explorando a través da improvisación na procura dunha maior autonomía na súa relación coa música.

Básicamente, o taller consiste nunha ou varias xornadas de traballo co obxectivo de preparar un concerto público colectivo ao final do taller, partindo da experimentación cos instrumentos (técnicas non convencionais) e da elaboración colectiva dun código de sinais que permitan “autoxestionar” un discurso sonoro en tempo real (improvisación dirixida).

## [ OBXECTIVOS ]

Preténdese así incentivar aos nenos e nenas a producir e compartir as súas propias obras, convertíndose así en multiplicadores de coñecemento técnico, teórico e principalmente sensible.

O obxectivo principal é polo tanto axudar aos exploradores e exploradoras a ter unha perspectiva máis ampla do papel que o son e a música teñen na súa percepción do mundo.

## [ DESCRICIÓN ]

Neste taller abordamos a nosa relación coa música desde 2 puntos de partida principais:

:: o universo do son: coñecer a fondo a materia prima esencial coa que traballamos.

Para isto organizamos unha mesa redonda para debater sobre qué importancia ten a música nas nosas vidas, partindo do visionado de material audiovisual sobre diferentes proxectos e obras relacionadas coa Arte Sonora e a Cultura Aural, conceptos importantes para entender a evolución do papel da música na sociedade desde finais do século XX até hoxe.

Así mesmo, traballamos a escoita dunha maneira activa, a través de diferentes exercicios co fin de mellorar a nosa percepción sonora e desenvolver as nosas capacidades auditivas.

**:: a improvisación: creación sonora colectiva, autoxestión creativa, comunicación non verbal e elaboración de “discursos” en tempo real.**

*... na improvisación libre, as tonalidades, as referencias tonales, as progresións armónicas definidas, o ritmo ou o pulso preacordado non son elementos obrigatorios. O que cobra importancia é a comunicación e a interacción entre os músicos, a exhaustiva exploración tímbrica do instrumento, a creación de atmosferas, de novas paisaxes, a procura de territorios descoñecidos. Neste tipo de improvisación non ten que haber nada previamente estruturado ou definido, todo depende da liberdade de decisión dos músicos que a realizan; pero para que este aparente caos poida ser escoitado como algo acabado e contundente, o traballo previo ha de ser extremado.*

*As orquestras dirixidas de improvisadores reúnen a un grupo grande de improvisadores e a un director (ou a varios) quen, mediante un vocabulario de sinais e xestos, aprendido e recoñecido polos músicos, transmite información dirixida a toda a orquestra, a grupos seleccionados dela ou a un solista en particular. Estes sinais indican maneiras de comportarse dentro dun contexto de improvisación colectiva. Fan referencia a determinados parámetros musicais e tamén á participación ou non de grupos orquestrais definidos. Permiten unha interpretación flexible e dan a oportunidade aos improvisadores de traballar coa súa propia linguaxe. Todo iso sen romper o necesario equilibrio entre o individual e o colectivo e deixándose sorprender o propio músico polas evolucións imprevistas da peza que se está compondo no momento mesmo da actuación...*

## **[ METODOLOXÍA ]**

O taller desenvóllese nunha serie de módulos ou escenas sobre os seguintes procesos sonoros:

### **:: módulo 1: ESCOITA**

- *visionado de material audiovisual* (contexto/historia/referencias) + debate aberto 1: qué papel desempeña a música nas nosas sociedades?
- *exercicios de escoita*: percepción da nosa contorna a partir da orella.
- *paseo sonoro*: rutas en silencio (escoita profunda) polo interior e arredores do centro onde se desenvolve o taller.

### **:: módulo 2: ORQUESTRA DE MÚSICA ESPONTÁNEA (improvisación colectiva)**

- *visionado de material audiovisual* (contexto/historia/referencias) + debate aberto 2: como é a nosa relación coa música?
- *experimentación cos instrumentos* (técnicas non convencionais)
- *elaboración colectiva de xestos* para a dirección da orquestra (conducción gestural).
- *concerto público* (sesión de improvisación dirixida) e gravación en audio/vídeo

### **:: módulo 3: COMUNICACIÓN**

- *edición e masterización* das gravacións dos concertos (utilización de aplicacións en código aberto/software libre).
- *upload a internet* (repositorios abertos, licenzas libres)
- *mapa sonoro* (xeolocalización dos sons e imaxes gravadas nas rutas)

### **:: módulo 4: CONCLUSIÓN:**

- *escoita da gravación* do concerto + avaliación conxunta do taller.

## **[ DURACIÓN E CRONOGRAMA ]**

### **:: Taller 4 horas:**

- 1 h módulo 1 (escoita) + 2 horas módulo 2 (improvisación) + 15 min descanso + concerto (15 min)

### **:: Taller 7 horas**

- Mañá: 1h módulo 1 (escoita) + 1h ruta sonora + 15 min descanso + 2h módulo 2 (improvisación)
- Tarde: 1 h ruta sonora + 1.30h ensaio concerto + concerto (20 min)

### **:: Taller 18 horas**

- día 1 (4h mañá + 3h tarde): módulo 1 (escoita)
- día 2 (4h mañá + 3h tarde): módulo 2 (improvisación)
- día 3 (4h mañá): módulos 3 + 4 (comunicación + conclusións)

## **[ IDADES ]**

- 9 a 12 anos
- 13 a 15 anos
- maiores de 16 años

## **[ NECESIDADES TÉCNICAS ]**

- 1 videoproxector
- 1 pequeno equipo de son (altosfalantes + mesa misturas)
- 1 par micrófonos estéreo
- 1 mesa de traballo (+- 2x1m)
- conexión a Internet

## **[ PREZO ]**

- TALLER 4 H: 300€ + IVE
- TALLER 7 H: 500€ + IVE
- TALLER 18H 700€ +IVE